

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 27 de maio de 2024, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo

De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, o persoal ao servizo da Valedora do Pobo depende orgánica, funcional e disciplinariamente da Valedora do Pobo e rexerase polas normas de réxime interior recollidas na súa disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

O cadro de persoal ou relación de postos de traballo, de acordo co parágrafo 2 do dito artigo, será aprobado pola Mesa do Parlamento, por proposta da persoa titular da institución.

A relación de postos de traballo, configúrase como o instrumento técnico a través do cal se leva a cabo a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo, segundo establece o artigo 19 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a súa denominación, situación na estrutura orgánica, forma de provisión, grupo, corpo e escala, nivel, complemento específico e requisitos para o seu desempeño.

A relación de postos de traballo debe ser un instrumento dinámico que responda ás necesidades reais da Institución en cada momento, e por tanto, susceptible de ser modificada para adaptarse ás esixencias que lle impón o deber de prestar de forma eficiente o exercicio da defensa dos dereitos da cidadanía.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro (DOG número 246, do 29 de decembro), de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 51 sexies, crea a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), que se adscribe á Valedora do Pobo, e que se rexe polo disposto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

A AGPI é un órgano colexiado, presidido pola persoa titular da Institución da Valedora do Pobo, do que forman parte como vogais a persoa titular da Consellaría Maior do Consello de Contas, a persoa titular da presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais, a persoa titular da Secretaría Xeral da Valedora do Pobo, e a persoa titular da Secretaría da Comisión da Transparencia, que exerce as funcións de secretaría.

A AGPI ten como competencias a adopción das medidas de protección previstas na Lei 2/2023, a xestión da canle externa de comunicacións, a instrución e decisión relativas ás informacións e comunicacións previstas na Lei 2/2023, a tramitación e resolución dos procedementos sancionadores, a imposición de sancións polas infraccións de acordo coa referida Lei, o fortalecemento da cultura da información, dos mecanismos de promoción e defensa da integridade das organizacións e o fomento da cultura da información ou comunicación como mecanismo para previr e detectar ameazas en materia de fraude ou corrupción.



Corresponde así mesmo á Autoridade, a aprobación das súas normas de organización e funcionamento, a elaboración e aprobación dun informe anual sobre a súa actividade, que se incluírá no presentado anualmente pola Valedora do Pobo ante o Parlamento de Galicia, e as demais funcións que prevexa a Lei 2/2023, sempre que se refiran ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Establece a Lei que a Autoridade actuará con separación das súas funcións respecto das outras que corresponden á Valedora do Pobo ou aos seus órganos adscritos e disporá dos medios persoais e materiais da institución e dos que se poidan crear de acordo coa referida lei.

De acordo co artigo 51 *decies* da referida Lei 10/2023, o persoal ao servizo da Autoridade integrárase na relación de postos de traballo da Valedora do Pobo, autorizando a nomear, para o exercicio das funcións atribuídas, persoal asesor adicional ao establecido no artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, con respecto dos límites orzamentarios e progresivamente en función da carga de traballo.

A Disposición adicional cuarta da Lei 10/2023, establece que a Autoridade comezará o exercicio das súas funcións aos dez meses da entrada en vigor desta Lei, e neste período a Valedora do Pobo aprobará ou impulsará as medidas necesarias para dotar a Autoridade dos medios persoais e materiais precisos para o exercicio das súas funcións. No exercicio 2024 habilitará recursos do seu remanente, previa autorización da Mesa do Parlamento de Galicia, e ao finalizar o exercicio o gasto debe atoparse consignado nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, na sección correspondente á Valedora do Pobo.

Así, corresponde á Valedora do Pobo propor as modificacións que en materia de persoal considere xustificadas para o desenvolvemento das novas funcións e para o adecuado mantemento das actuais, dado que parte do seu persoal (persoa titular da secretaría xeral da Valedora do Pobo e da secretaría da Comisión da Transparencia de Galicia) participarán no desenvolvemento das funcións legalmente atribuídas á AGPI.

Para o exercicio desas funcións considérase necesaria a creación de novos postos e a amortización dun dos existentes. Os novos integráranse na Relación de Postos de Traballo da Institución e proveranse tendo en conta as necesidades do servizo, en particular a necesidade de establecer de forma anticipada ao comezo da actividade da AGPI as condicións precisas para o seu correcto funcionamento.

De acordo coa normativa citada e tamén co previsto na Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, as propostas poden concretarse en persoal que teña a condición previa de funcionario de carreira ou en persoal eventual (neste último caso, só para funcións propias da AGPI). A presente proposta se cingue a persoal coa condición previa de funcionario de carreira de calquera Administración, de acordo co previsto no art. 10.2 da Lei 6/1984.



O persoal xeral da Valedora do Pobo complementará temporalmente as funcións da AGPI cando sexa preciso por necesidades do servizo (IT, licencias...); e o persoal específico da AGPI se desenvolverá de forma preferente nas tarefas propias de Autoridade, sen prexuízo de que, no caso de permitilo o volume de traballo, se lle podan asignar temporalmente tarefas xerais da Valedora do Pobo, sempre que se correspondan coa súa categoría profesional, en atención ao grao de especificidade, dificultade técnica, responsabilidade ou demais condicións particulares de cada posto. Ambas situacións se producirán en todo caso de forma puntual por circunstancias sobrevidas, e polo tempo estritamente imprescindible para o correcto cumprimento das funcións que ten atribuídas a Valedora do Pobo e a AGPI coas garantías necesarias para que se dea efectividade ao principio de separación de funcións entre a AGPI e a Valedora do Pobo.

Polo exposto, faise necesaria, ademais das modificacións recollidas na presente proposta, unha revisión dos importes dos complementos específicos do persoal xeral da Valedora do Pobo, en atención ás novas responsabilidades que se lles atribúen. A proposta de modificación destes complementos está a ser negociada coas organizacións sindicais e será remitida con posterioridade para a súa aprobación.

Como novos postos creados con funcións específicas na AGPI propónse a creación dunha Subdirección Xeral, unha Xefatura de Área e un Administrativo. Tamén propónse a creación de posto de Vicesecretaría Xeral, con funcións xerais na Institución e os seus órganos adscritos, e en paralelo a amortización do posto de Xefatura de Servizo de Administración e Persoal, cuxas funcións se atribuirán ao posto de Vicesecretaría Xeral, que exercerá ademais destas (incluída a secretaría da Comisión da Transparencia), as novas funcións na AGPI que a Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, prevé para el.

O posto de Secretaría /a Xeral da Institución engadirá as súas actuais funcións o seu desempeño como vocal na AGPI.

O indicado fai necesaria a creación dun novo posto de xefatura de Servizo de Apoio para a realización de parte das funcións de tramitación e informe nos expedientes de queixas naquelas áreas non cubertas por persoal asesor/a ou nas que sexa necesario un reforzo, polo volume ou complexidade dos asuntos, funcións que neste momento están a desenvolver a Secretaría Xeral e a xefatura do Servizo de Administración e Persoal.

En consecuencia co anterior, vista a proposta de modificación presentada pola valedora do Pobo, logo do informe favorable da Xunta de Coordinación e Réxime Interior da Institución, celebrada o 25 de xaneiro de 2024, co persoal funcionario da Institución o 29 de xaneiro e 1 de abril de 2024, e coas organizacións sindicais mais representativas no ámbito de la Función Pública o 7 e o 22 de febreiro 5 de marzo e 2 de abril de 2024.

Vistos os informes dos Servizos Xurídicos e da Intervención do Parlamento de Galicia.



A Mesa, conforme ao disposto no artigo 10.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro. Modifícase a relación de postos de traballo da Institución da Valedora do Pobo, coa creación, amortización e modificación dos postos que figuran a continuación:

1. Amortización do posto de Xefatura de Servizo de Administración e Persoal (A 29)

As funcións do posto amortizado atribuiranse ao posto de Vicesecretaría Xeral que se propón crear.

No momento que entre en vigor o acordo da Mesa do Parlamento pola que se probe a Relación de Postos de Traballo, o funcionario que ocupa o dito posto na actualidade, será cesado por amortización do posto e adscrito de forma provisional ao posto que corresponda.

2. Creación do posto de Vicesecretaría Xeral da Institución (A 30).

Créase o posto de Vicesecretaría Xeral, Grupo A¹ (A-1)² con nivel de complemento de destino 30, con forma de provisión polo sistema de libre designación, ao que baixo a dependencia da Secretaría Xeral, se lle atribúen as seguintes funcións:

- a) Suplencia das persoas titulares da Secretaría Xeral e/ou da Coordinación Xeral, nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante, así como nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación.
- b) Programación das necesidades de persoal da Institución, a coordinación na elaboración da relación de postos de traballo e a xestión do persoal adscrito á Institución.
- c) Dirección, organización e control do funcionamento do réxime interior dos servizos administrativos da Institución da Valedora do Pobo e dos seus órganos adscritos.
- d) Secretaría e o impulso dos expedientes da Comisión da Transparencia de Galicia.
- e) Asesoramento e realización de estudos e informes de carácter técnico-xurídico que lle sexan encomendados pola persoa titular da Institución ou da secretaría xeral.
- f) Xestión da información pública que se atope no portal de transparencia da Institución e dos órganos adscritos, o adecuado trámite das solicitudes de información pública dirixidas a Valedora do Pobo, así como a xestión da información cidadanía en materia de transparencia.
- g) Calquera outras funcións que lle atribúa a persoa titular da Institución da Valedora do Pobo ou os plenos dos órganos colexiados adscritos.

3. Creación do posto de Subdirección Xeral da Institución (A 30)

¹ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia

² Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.



Créase o posto de Subdirección Xeral, Grupo A³ (A-1)⁴ con nivel de complemento de destino 30, con forma de provisión polo sistema de libre designación, ao que baixo a dependencia da Secretaría Xeral, se lle atribúen as seguintes funcións:

- a) Exercer a dirección técnica superior da análise, a investigación e a inspección das actividades da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI)
- b) Recibir e analizar as solicitudes, as denuncias e as comunicacións presentadas ante a AGPI por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, órganos ou institucións de carácter público.
- c) Efectuar o tratamento e a análise da información de que teña coñecemento que sexa susceptible de dar lugar a actuacións de investigación, de acordo co disposto na Lei 2/2023 .
- d) Avaliar a verosimilitude das denuncias practicando as actuacións necesarias para iso e emitindo os informes que correspondan.
- e) Elaborar as propostas de inadmisión ou de iniciación de actuacións de investigación en materia de protección ao informante, e a correspondente instrución do procedemento.
- f) Instruír os procedementos sancionadores de conformidade co establecido no Título IX da Lei 2/2023.
- g) Elaborar as propostas de conclusión ou a reapertura dos expedientes de investigación, así como realizar o seguimento das actuacións e recomendacións adoptadas.
- h) Elaborar estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión dos procedementos administrativos da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante
- i) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores, ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da Institución da Valedora do Pobo, se lle asignen polos seus superiores xerárquicos.

4. Creación do posto de xefatura de Servizo de Apoio. (A 28)

Créase o posto de Xefatura de Servizo, Grupo A⁵ (A-1)⁶ con nivel de complemento de destino 28, con forma de provisión polo sistema de libre designación, ao que baixo a dependencia da Secretaría /a Xeral, se lle atribúen as seguintes funcións:

- a) Apoiar, asesorar e realizar estudos e informes de carácter técnico xurídico nas materias que lle sexan encomendadas.
- b) Tramitar, informar e realizar o seguimento dos expedientes de queixas naquelas áreas que se lle asinen.
- c) Asistir á Secretaría Xeral para a tramitación dos asuntos nos que deba intervir a Institución.

³Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

⁴Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

⁵Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

⁶Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.



d) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores, ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da Institución da Valedora do Pobo, se lle asignen polos seus superiores xerárquicos.

5. Creación do posto de Xefatura de Área(B 26).

Créase o posto de Xefatura de Área, Grupo B⁷ (A-2)⁸, con nivel de complemento de destino 26, con forma de provisión polo sistema de libre designación, baixo a dependencia da Secretaría Xeral.

Se esixe como requisito para ocupar o posto, a pertenza á pertencente á Escala Técnica de Finanzas (ou escalas equivalentes), ao que se lle atribúen as seguintes funcións:

- a) Realizar a xestión administrativa, das fases de recepción de información, admisión, instrución e terminación das actuacións derivadas das denuncias presentadas ante a AGPI, e proposta de medidas de protección á persoa informante e o réxime sancionador.
- b) Emitir informes, estudos, desenvolvementos técnicos e propostas en materia xestión orzamentaria, normativas e políticas financeiras, análise e control contable público e privado, xestión económica, administración dos recursos financeiros, xestión de ingresos e gastos, investimentos e control de tesourería de entidades do sector público e privado.
- c) Levar a cabo asesoramento técnico en materia financeira, procedementos contables, procesos de contratación, licitacións e adxudicacións, auditoría interna que garanta o correcto funcionamento dos procesos financeiros e administrativos.
- d) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores, ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da Institución, se lle asignen polos seus superiores xerárquicos.

6. Creación do posto de administrativo/a (C 20)

Créase o posto de administrativo/a, Grupo C⁹ (C-1)¹⁰ con nivel de complemento de destino 20, con forma de provisión polo sistema de concurso, baixo a dependencia da Secretaría /a Xeral, que realizará as seguintes funcións:

- a) Asistir e dar apoio administrativo á Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI).
- b) Informar e atender ao público nas tarefas e funcións propias da Autoridade.
- c) Colaborar na recompilación e ordenación de información e elaboración de documentación derivada da actividade da Autoridade.

⁷ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

⁸ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

⁹ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia..

¹⁰ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.



- d) Xestionar o Rexistro da AGPI e alimentar e explotar as fontes documentais e das bases de datos da Autoridade.
- e) Editar e transcribir documentación.
- f) Actualizar os contidos da páxina web da AGPI.
- g) Aquelas funcións propias da súa categoría profesional que lle sexan encomendadas polos superiores xerárquicos en atención ao grao de especificidade, dificultade técnica, responsabilidade ou demais condicións particulares dos postos que en cada caso ocupen, e que determinaron a súa configuración na relación de postos de traballo.

7. Xustificación da forma de provisión por libre designación de algúns dos postos que se crean.

O título III da Lei 2/2023 regula a canle externa de información cuxa xestión corresponde á Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), que de acordo co establecido na Directiva 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, deben estar presidido polos principios de independencia e autonomía na recepción e tratamento da información sobre as infraccións, que garantan a exhaustividade, integridade e confidencialidade da información, e impidan o acceso a ela polo persoal non autorizado e garantindo un almacenamento duradeiro da mesma.

Nesta canle poden informar as persoas físicas ou xurídicas de forma anónima ou con reserva da identidade do informante. Poden facelo de forma escrita ou verbal e despois dunha análise preliminar faise necesaria a súa admisión ou inadmisión a trámite motivada se concorre algunha das causas taxadas que para ese efecto se prevén, comunicación inmediata ao Ministerio Fiscal ou Fiscalía Europea, se a conduta puidese ser constitutiva de delito, ou remisión a outra Autoridade ou Organismo que puidese resultar competente para a tramitación da comunicación.

Unha vez que a información fora admitida a trámite o persoal ao servizo da Autoridade debe levar a cabo a fase instrutora que finaliza mediante a emisión dun informe no que se propoña á Autoridade o arquivo do expediente, o inicio do procedemento sancionador, a posta en coñecemento do Ministerio Fiscal dos feitos se puidesen revestir o carácter de delito se así resultase do curso da instrución, ou da Fiscalía Europea cando resulten afectados os intereses financeiros da Unión Europea, no seu caso, ou a remisión da información a outra autoridade ou organismo competente, se así procede.

O sistema que configure o canle externo de denuncia debe estar deseñado, establecido e xestionado dunha forma segura, de modo que se garanta a confidencialidade da identidade da persoa informante e de calquera terceiro mencionado na comunicación, e das actuacións que se desenvolvan na xestión e tramitación da mesma, así como a protección de datos, impedindo o acceso de persoal non autorizado e permitir a presentación de comunicacións por escrito ou verbalmente. As comunicacións verbais, incluídas as realizadas a través de reunión presencial, telefonicamente ou mediante sistema de mensaxería de voz, deberán documentarse, previo consentimento do informante, mediante unha gravación da conversación nun formato seguro, duradeiro e accesible, ou a través dunha transcripción completa e exacta da conversación realizada polo persoal responsable de tratala, ofrecendo ao



informante a oportunidade de comprobar, rectificar e aceptar mediante a súa firma, a transcripción da conversación.

Os artigos 63 e seguintes da lei tipifican como infracción, a vulneración das garantías de confidencialidade e anonimato previstas na lei, e de forma particular calquera acción ou omisión tendente a revelar a identidade do informante cando este optase polo anonimato, aínda que non se chegue a producir a efectiva revelación da mesma, vulnerar o deber de manter secreto sobre calquera aspecto relacionado coa información, vulnerar as garantías de confidencialidade e anonimato previstas na Lei, vulnerar o deber de secreto. Para esas infraccións prevé importantes sancións económicas, compatibles coas restantes sancións en materia de réxime disciplinario dos funcionarios públicos.

Considérase que estas tarefas son perfectamente encadrables dentro do que establece o artigo 29 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia para a cobertura de postos de libre designación, que establece que se cubrirán por este sistema os postos directivos, e aqueloutros que atendendo as súas características especiais así se determinen nas relacións de postos de traballo.

Os criterios de excepcionalidade que concorren nestes postos son a especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada, debendo extremarse a confidencialidade e discreción por enriba do exixido a calquera outro funcionario, xa que o mantemento do segredo sobre a identidade do informante ou sobre calquera aspecto relacionado coa información derivada dos expedientes da Autoridade, constitúe o pilar básico da normativa europea, española e galega.

Así mesmo, concorren nestes postos a especial responsabilidade por ter como funcións as de garantir o adecuado exercicio de autoridade na avaliación, auditoría, investigación e inspección administrativa, en razón de ser garante do exercicio dos dereitos e deberes da cidadanía e a actuación como Autoridade de protección das persoas informadoras, nos termos establecidos pola Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da Unión, e na normativa de desenvolvemento desta materia.

Os postos de traballo creados traballarán, en función da carga de traballo derivada das denuncias, coa dirección técnica da subdirección e a coordinación da secretaría da AGPI, reforzando o resto das actuacións da Institución cando o volume de denuncias non fagan preciso o seu traballo na totalidade da xornada.

En conclusión, como consecuencia da súa consideración como do postos directivos (Vicesecretaría Xeral, Subdirección Xeral, Xefatura de servizo), ademais do réxime exorbitante de protección e confidencialidade establecido pola lei en beneficio da cidadanía, que afecta ademais á xefatura de Área, enténdese que os postos de traballo requiren dun nivel de confianza, sixilo e segredo superior ao esixido aos restantes empregados públicos, polo que se xustifica a súa provisión polo sistema de libre designación.

8. Modificación da denominación do posto de Xefatura de Servizo Económico-Financeiro.



Creación de postos Autoridade Galega de Protección ao Informante (AGAPI)												
Unidad e Orgánica	Denominación	Vacante	Nivel C. D.	Soldo	C. Destino	C. Específico (€/ano)	Bruto/ano	Adscripción Grupo	Corpo	Tipo de Posto	Forma de provisión	Observacións
Valedor/a	Vicesecretario/a Xeral	Si	30	18.212,32 €	15.908,62 €	38.361,54 €	72.482,48 €	A	Superior	N	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito
Valedor/a	Subdirector/a Xeral	Si	30	18.212,32 €	15.908,62 €	38.361,54 €	72.482,48 €	A	Superior	N	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito
Valedor/a	Xefe/a Servizo	Si	28	18.212,32 €	13.669,60 €	34.608,14 €	66.490,06 €	A	Superior	N	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito
Valedor/a	Xefe/a de Area AGPI	Si	26	15.747,90 €	11.466,00 €	23.838,36 €	51.052,26 €	B	Xestión/ET Finanzas	N	LD	Persoal funcionario (*)
Valedor/a	Administrativo/a AGPI	Si	20	11.823,98 €	7.220,78 €	18.010,86 €	37.055,62 €	C	Administrativo	N	Concurso	Persoal funcionario (*)

O posto de Xefatura de Servizo Económico-Financeiro pasa a denominarse Xefatura de Servizo de Contratación e Xestión Económica. Este cambio non supón modificación do seu nivel de complemento de destino, específico, grupo de clasificación, tipo de posto ou forma provisión. Por resolución da Valedora do Pobo, procederase á readscripción do funcionario que ocupa na actualidade o dito posto, unha vez aprobada a modificación da relación de postos de traballo.

9. Negociación da modificación da relación de postos de traballo

De conformidade co disposto no Capítulo XII do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, someteuse a presente proposta de modificación á consideración das organizacións sindicais mais representativas, en reunións que tiveron lugar o 7 e 22 de febreiro, 5 de marzo de 2024, e a reunión da Mesa de Negociación do 2 de abril de 2024, nas que formularon as súas propostas e observacións.

10. Financiamento da modificación da relación de postos de traballo

De conformidade coa Disposición adicional cuarta da Lei 10/2023, a modificación da relación de postos de traballo aprobada financiase no exercicio 2024 coa habilitación de recursos do remanente da Institución da Valedora do Pobo, vía suplemento de crédito aprobado paralelamente a este acordo.

Ao finalizar o exercicio o dito gasto deberá estar consignado nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, na sección correspondente ao Valedor do Pobo.

O incremento de gasto que se vai a producir coa amortización dun posto e a creación de cinco novos postos é o que se reflicte a continuación:

Postos que se crean:



Custo total anual dos postos que se crean: 299.562,90 €.

Posto que se amortiza	GRUPO	NIVEL	SOLDO	C. DESTINO	C. ESPECÍFICO	Bruto/ano
Xefe/a Servizo administración e Persoal	A	29	18.212,32 €	14.269,08 €	36.157,80 €	68.639,20 €

Por tanto, o incremento de gasto é o que se reflicte no seguinte cadro:

Incremento de gasto	Total
Postos que se crean	299.562,90 €
Posto que se amortiza	68.639,20 €
Incremento de Gasto	230.923,70 €

11. Relación de Postos de Traballo da Institución.

A Relación de Postos de Traballo da Institución tras a modificación aprobada, é a que figura a continuación:

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO VALEDOR DO POBO 2024										
Nº Or de	Unidade Orgánica	Denominación	Vacante	Ni ve l C. D.	C. Específico (€/ano)	Grupo	Corpo	Tipo de Posto	Forma provisión	Observacións
1	Valedor/a	Secretario/a Xeral	Non	30	38.361,54 €	A	Superior	S	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito
2	Valedor/a	Coordinador/a	Non	30	38.361,54 €	A	Superior	S	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito
3	Valedor/a	Vicesecretario/a Xeral	Si	30	38.361,54 €	A	Superior	S	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito
4	Valedor/a	Subdirector/a Xeral	Si	30	38.361,54 €	A	Superior	S	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito.
5	Valedor/a	Asesor/a	Non	30	38.361,54 €				NLV	Persoal eventual
6	Valedor/a	Asesor/a	Non	30	38.361,54 €				NLV	Persoal eventual
7	Valedor/a	Asesor/a	Non	30	38.361,54 €				NLV	Persoal eventual
8	Valedor/a	Asesor/a	Non	30	38.361,54 €				NLV	Persoal eventual
9	Valedor/a	Asesor/a-técnico/a de Comunicación, Transparencia e xénero	Non	30	38.361,54 €				NLV	Persoal eventual
10	Serv. Advos.	Xefe/a Servizo de contratación e Xestión económica	Non	28	34.608,14 €	A	Superior	S	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito
11	Serv. Advos.	Xefe/a de Servizo de Apoio	Si	28	34.608,14 €	A	Superior	S	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito
12	Serv. Advos.	Xefe/a de Área AGPI	Si	26	23.838,36 €	B	Xestión (ET Finanzas)	N	LD	Persoal funcionario pertencente a escala técnica de finanzas ou escalas equivalentes
13	Serv. Advos.	Xefe/a Sección de Apoio e Transparencia	Non	25	20.951,70 €	C	Xestión/Administrativo	N	LD	Persoal funcionario (*)



14	Serv. Advtos.	Unidade de asuntos ec.e réxime interior	Non	20	23.133,60 €	B/C	Xestión/Administrativo	N	LD	Persoal funcionario (*)
15	Serv. Advtos.	Administrativo/a Secretaría Valedor	Non	20	18.010,86 €	C	Administrativo	N	LD	Persoal funcionario
16	Serv. Advtos.	Administrativo/a AGPI	Si	20	18.010,86 €	C	Administrativo	N	C	Persoal funcionario (*)
17	Serv. Advtos.	Unidade Rexistro	Non	19	18.010,86 €	C/D	Adm/Auxiliar	N	C	Persoal funcionario (*)
18	Serv. Advtos.	Aux. administrativo/a de asistencia inmediata ao VP	Non	16	17.200,54 €	D	Auxiliar	N	LD	Persoal funcionario (*)
19	Serv. Advtos.	Aux. administrativo/a	Non	16	17.200,54 €	D	Auxiliar	N	C	Persoal funcionario (*)
20	Serv. Advtos.	Aux. administrativo/a	Non	16	17.200,54 €	D	Auxiliar	N	C	Persoal funcionario (*)
21	Serv. Advtos.	Unidade Apoio I	Non	16	18.840,92 €	E/D	Auxiliar/Subalterno	N	C	Persoal funcionario (*)
22	Serv. Advtos.	Unidade Apoio II	Non	16	17.824,52 €	E/D	Auxiliar/Subalterno	N	C	Persoal funcionario (*)
23	Serv. Advtos.	Uxier	Non	13	17.824,52 €	E	Subalterno	N	C	Persoal funcionario
24	Serv. Advtos.	Conductor/a-ordenanza	Non	14	23.364,46 €	E	Subalterno	N	C	Persoal funcionario

Forma de Provisión	NLV: Nomeamento polo/a Valedor/a do Pobo (artigo 30.2 da Lei do Valedor do Pobo)		LD: Libre Designación
Tipo de posto	S: Singularizado		C: Concurso
	N: Non singularizado		
Vacante	Si* Cuberto en comisión de servizos		
Observacións	(*) Coñecementos de informática a nivel usuario		

12. Compromiso de negociación de nova RPT da Institución:

En atención ás alegacións presentadas polas catro organizacións sindicais ao respecto da proposta inicial da presente modificación e logo das reunións mantidas nas datas indicadas *ut supra*, a Institución comprométese á presentación da proposta dunha nova RPT que reflicta a homoxeneización dos complementos específicos dos postos de traballo, baseados na análise de postos que corresponda, dotando de coherencia e uniformidade á mesma, de conformidade coas competencias, funcións e tarefas que se desenvolven nos postos.

Segundo. Este acordo de modificación producirá efectos desde o día da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel
Angel
Santalices
Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.05.31 09:32:17 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 31/05/2024 9:32:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 31/05/2024 09:36:06
Nº Rexistro: 948
Data envío: 31/05/2024 09:36:06.102

CSV: REXISTRO-siN03y4hJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

